

Carácter reivindicativo

Por unha educación integral

MARÍA NAVARRO

A autora de *Lía e as zapatillas de deporte* ou *Usha* vén de publicar tamén na colección "Merlín" de Edicións Xerais de Galicia *O monstro das palabras*, un libro no que unhas rapazas descubren, axudadas pola súa mestra, que un ser perverso e maligno afánase cada certo tempo en comerlle as palabras á lingua e con iso evitar que a xente se relacione, pense e evolucione. Privando as persoas das verbas os nenos fican como aparamados, tateando palabras sinxelas, e os maiores reclúense en si mesmos incapaces de expresarse.

A ficción leva a Alba e a Lela a seguir atentamente o relato da mestra que se confesa ser doutra época na que tamén a lingua se viu ameazada e necesitou dun grupo de mulleres que loitasen por ela. Agora parece que as elixidas son estas dúas rapazas que puideron escapar á influencia do monstro e que amosan unha sensibilidade especial para co que as rodea e, en especial, para coa lingua que que-

ren e usan a cotío.

O seu asombro vai cada vez a máis, a súa perplexidade é cada vez maior e as súas ganas de mellorar

a situación, directamente proporcional ao empeño que han poñer en coñecer, aprender e saber para actuar. A súa mestra éles de grande axuda e a avoa de Lela,

un modelo a seguir. Se algo aprenden as nenas é a valorar que é importantísimo loitar por un ideal e que é preciso aunar esforzos, porque só así se escoitarán as súas voces.

Entre sentimentos, pensamentos e desexos vai avanzando a historia que non remata, un libro -o das palabras- que aínda non acabou de escribirse, uns personaxes en constante evolución, porque así é a lingua, viva e dinámica.

É cáseque unha constante na obra de María Reimóndez o carácter reivindicativo que aplica aos seus personaxes e que verque sobre a lingua e a condición das mulleres no mundo, aquí -máis no pasado ca agora- e nos chamados países subdesenvolvidos nestes momentos, convencida de que a educación integral ha de ser a chave que abra as portas a un mundo máis xusto e xeneroso para todos
REIMÓNDEZ, María, O monstro das palabras (Ilustr. Iván Sende), Ed. Xerais, Vigo, 2009, PVP. 10€

